

Xoves, 9 de decembro de 2021

Núm. 237

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES PARA CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS E XANELAS NO NADAL

BASES DO 1º CONCURSO DE NADAL PARA DECORACIÓN DE BALCÓNS E XANELAS. LALÍN - 2021 DO CONCELLO DE LALÍN.

O 1º concurso de nadal para decoración de balcóns e xanelas está organizado pola Concellería de Comercio do Concello de Lalín, e nace co obxectivo de incentivar a participación cidadá na decoración de luces e adornos de nadal en balcóns e xanelas dos inmobles situados no Concello de Lalín, coa fin de contribuír ao ambiente festivo nas rúas de Lalín, así como promover a creatividade.

Estas bases estarán a disposición dos interesados nas Oficinas Xerais do Concello de Lalín e na páxina web: www.lalin.gal.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; do R.D. Lexislativo 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; do R.D. Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais; do R.D 500/1990 polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos; das Bases de execución do orzamento 2021 do Concello de Lalín e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, o Concello de Lalín, a través da Consellería de Comercio, convoca o 1º Concurso de nadal para Decoración de Balcóns e Xanelas 2021, de acordo coas seguintes

B A S E S

As presentes bases teñen por obxecto a concesión de premios do 1º Concurso de nadal para Decoración de Balcóns e Xanelas 2021, organizado polo Concello de Lalín, a través da Consellería de Comercio, coa finalidade de incentivar a participación cidadá na decoración de luces e adornos de nadal en balcóns e xanelas dos inmobles situados no Concello de Lalín, así coma contribuír ao ambiente festivo propio das datas do natal polas rúas do Concello, fomentando a creatividade das veciñas e veciños de Lalín.



Xoves, 9 de decembro de 2021

Núm. 237

1.- Poderá participar calquera persoa ou entidade propietaria dunha vivenda situada no Concello de Lalín, ou arrendataria da mesma, con balcón e/ou xanela con vistas á vía pública, que reúna as condicións necesarias para a súa decoración sen que supoña perigo algún para a súa integridade e a das persoas viandantes.

Cada vivenda só poderá presentar unha solicitude de participación, independentemente dos balcóns e/ou xanelas que estean adornados.

A persoa que realice a inscrición para participar neste concurso debe ser maior de idade.

2.- O motivo e a temática da decoración do balcón será única e exclusivamente o Nadal.

3.- Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). O prazo de inscrición será dende o día seguinte a publicación no BOPPO e rematará o 22 de decembro de 2021.

4.- Para poder concursar hai que presentar a ficha de inscrición (anexo I) e fotografía do balcón e/ou xanela, en forma e prazo no Rexistro do Concello de 8.00 a 15.00 horas ou no correo electrónico concursobalconslalin.gal, acompañado de fotocopia do DNI.

Coa súa inscrición e solicitude as persoas aceptan as condicións e normativa vixente, reguladora.

Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos participantes serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de carácter persoal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios.

5.- A decoración dos balcóns e xanelas (premiadas ou non) deberán estar visibles dende a rúa, e instaladas dende o día 10 de decembro ata o 7 de xaneiro de 2022 (ambos inclusive).

6.- Un xurado composto por concelleiros e concelleiras de diferentes áreas municipais, por representantes dos grupos da oposición e por persoal técnico con experiencia en materia de comercio, presidido pola Concelleira de Comercio, ou persoa en quen delegue, valorará entre 1 e 15 puntos cada unha das solicitudes recibidas atendendo aos criterios de valoración recollidos no punto 7. Entre as mellor puntuadas decidirá cales son as 10 mellores, que visitarán persoalmente para decidir aos gañadores o 23 de decembro de 2021.

A decisión do xurado darase a coñecer a través da prensa, redes sociais do Concello de Lalín e calquera outro medio que o Concello considere oportuno. O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación da concesión dos premios, que se fará público na web do Concello de Lalín www.lalin.gal

A composición do xurado será a seguinte, ou persoas en quen deleguen:

Presidencia:

Concelleira delegada de Comercio.



Xoves, 9 de decembro de 2021

Núm. 237

Vogais:

- Concelleira delegada de Deportes
- Concelleira/o da oposición
- Técnico de comercio municipal.
- Membro da AED
- Membro Patronato.

Secretaría:

Administrativa de contratación.

Os membros do xurado non poderán ser familiares dos concursantes nin estar comprendidos en causa de recusación dos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que no caso de darse algunha destas circunstancias deberán absterse de participación no mesmo.

7.- Para a valoración dos balcóns e xanelas, terase en conta a creación artística, a orixinalidade, o deseño, a iluminación, os elementos característicos da nosa cultura e tradicións, así como os adornos de nadal feitos con material reciclado.

Os criterios de valoración para elixir ás persoas premiadas serán os seguintes: creación artística (ata 4 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos), orixinalidade e presentación en xeral (ata 3 puntos), uso de materiais reciclados (ata 2 puntos).

O xurado tamén terá en conta as publicacións nas redes sociais con máis “gústame” dos participantes no concurso, onde deben subir as fotos dos balcóns decorados co cancelo #concursobalconslalin. (ata 3 puntos)

Non se poderá facer mención a nomes de marcas, empresas comerciais, nin intereses particulares.

8.- Quedan excluídos do presente concurso, os balcóns dos edificios de titularidade pública.

9.- Establécense tres premios cos seguintes importes:

1º premio: 1.500,00 €

2º premio: 1.000,00 €

3º premio: 500,00 €

O importe total dos premios será de 3.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 338.481.00 do orzamento vixente.

Os propietarios dos balcóns e/ou xanelas premiados autorizan e ceden gratuitamente ao Concello de Lalín a utilizar a imaxe dos mesmos para o seu uso ou explotación turística.

O xurado poderá declarar desertos os premios que estime convenientes.



Xoves, 9 de decembro de 2021

Núm. 237

10.- Os balcóns e/ou xanelas motivo de sanción por incumprimento destas bases non terán dereito a premio.

11.- As persoas participantes serán as únicas responsables do contido das xanelas e balcóns en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios, segundo as leis vixentes. Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

12.- As persoas premiadas deberán acompañar declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Sen esa declaración non poderán ser beneficiarias dos premios.

13.- A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

M Carmen Fernández Lamela
Concelleira delegada de Comercio



Xoves, 9 de decembro de 2021

Núm. 237

ANEXO I**1º CONCURSO DE NADAL PARA DECORACIÓN DE BALCÓNS E XANELAS**

FICHA DE INSCRICIÓN	
Nome e apelidos:	
DNI:	Teléfono:
Correo electrónico:	
Enderezo do balcón e/ou xanela que presenta ao concurso:	
Asinado:	

Xúntanse fotografías dos balcóns e/ou xanelas participantes.

O participante declara baixo a súa exclusiva responsabilidade que a/s fotografía/s que xunta para participar no concurso non se atopan limitadas por ningún dereito de propiedade intelectual e industrial e/ou dereitos de imaxe de terceiros e que polo tanto ostenta a lexítima titularidade ou, polo menos, ten permiso suficiente para publicar a devandita fotografía.

Información sobre Protección de datos (RGPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

RESPONSABLE: Concello de Lalín.

FINALIDADE E LEXITIMACIÓN: Prestación do servizo encomendado, cumprindo cos requisitos legais descritos no presente acordo.

DESTINATARIOS: Non se cederán datos a terceiros, salvo os necesarios a empregados, colaboradores e provedores para a prestación dos servizos e/ou por obrigacións legais.

CONSERVACIÓN: Os datos persoais proporcionados conservaranse mentes non solicite a súa supresión ou cancelación e sempre que resulten adecuados, pertinentes e limitados ao necesario para os fins para os que sexan tratados.

DEREITOS: Acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como outros dereitos como limitar os seus datos, opoñerse e solicitar a portabilidade. Cando proceda, tamén poderá revocar o seu consentimento en calquera momento. Para tramitar os seus dereitos deberá acudir á Praza de Galicia, 1 - 36500 Lalín ou acceder á www.lalin.sedelectronica.gal.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LALÍN

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: NMF212XPAT7AF0AV

